

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE
INFRAESTRUTURAS E O CONCELLO DE SAN CIBRAO DAS VIÑAS PARA A
AMPLIACIÓN DO ALUMEADO PÚBLICO NO ACCESO AO POLÍGONO
INDUSTRIAL**

Santiago de Compostela, 1 de xuño de 2016

REUNIDOS

Dunha parte, Ethel M^a Vázquez Mourelle, presidenta da Axencia Galega de Infraestruturas, facultada para a formalización deste convenio polo Decreto 173/2011, do 4 de agosto, polo que se aproba o estatuto da Axencia Galega de Infraestruturas.

Doutra parte, Manuel Pedro Fernández Moreiras, na súa condición de alcalde do Concello de San Cibrao das Viñas, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 21.1 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente na calidade en que interveñen con capacidade legal suficiente e necesaria para o outorgamento do presente convenio de colaboración e a tal efecto

EXPOÑEN

Primeiro. A estrada OU-538 Noalla (N-525) - Polígono industrial de San Cibrao das Viñas pertence á rede primaria básica de estradas autonómicas. Esta estrada dá acceso ao polígono industrial de San Cibrao das Viñas, e carece de alumeado público na marxe dereita.

Segundo. A Axencia Galega de Infraestruturas ten entre os seus obxectivos a mellora da rede viaria de Galicia, a ordenación do territorio e a súa cohesión, de xeito que se proporcione ás persoas usuarias unha rede eficaz, cómoda e segura, fomentando as relacións municipais e intermunicipais na procura e no fomento dun desenvolvemento harmónico.



Terceiro. O Plan de Mobilidade e Ordenación Viaria Estratéxica, plan MOVE, contempla entre as súas liñas básicas a garantir a seguridade no transporte, mellorando as condicións das infraestruturas e das persoas usuarias.

Cuarto. A Xunta de Galicia está a traballar na mellora das comunicacións das áreas empresariais, posto que dotar os parques industriais dos accesos axeitados garante unha maior competitividade e contribúe ao impulso da actividade das empresas galegas.

Quinto. O polígono de San Cibrao das Viñas conta con 5 millóns de metros cadrados de superficie e máis de 300 empresas instaladas, e dá emprego a preto de 8.000 persoas, constituíndo un motor económico para toda a provincia de Ourense.

Sexto. O Concello de San Cibrao das Viñas presentou á Axencia Galega de Infraestruturas unha memoria valorada para a implantación do alumeadado público na marxe dereita da estrada OU-538, das mesmas características que o existente na marxe esquerda, aplicando criterios de aforro e eficiencia enerxética. A instalación comprendería 14 puntos de luz dispostos ao tresbolillo cos existentes, sobre columna recta de aceiro galvanizado de 9 m. de alto, con luminarias iguais ás existentes, e dous proxectores en parede dotados con óptica simétrica baixo os viadutos do ferrocarril.

Sétimo. Os convenios entre administracións públicas constitúen o elemento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal e como establecen o artigo 57 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o artigo 198 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.



Considerando a confluencia dos intereses das partes comparecentes, fállese preciso artellar as bases para a óptima coordinación e así regular a colaboración nas súas actuacións. Para o fin mencionado, formalízase o presente convenio con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

O obxecto do presente convenio é establecer as bases da colaboración técnica e económica entre a Xunta de Galicia e o Concello de San Cibrao das Viñas para a ampliación do alumeadado público no acceso ao polígono industrial.

O orzamento de execución destas actuacións estímase en **CORENTA MIL DOUSCENTOS VINTE E CATRO EUROS CON DOCE CÉNTIMOS DE EURO** (40.224,12 €) IVE incluído. Este importe inclúe a instalación de 14 puntos de luz en columna e dous proxectores en parede segundo a memoria valorada desenvolvida polo concello.

SEGUNDA. COMPROMISOS DO CONCELLO

O Concello de San Cibrao das Viñas obrígase a asumir a explotación, o mantemento e a titularidade do alumeadado da estrada OU-538.

TERCEIRA. COMPROMISOS DA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS

A Xunta de Galicia, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, asume os seguintes compromisos:

Realizar a instalación e posta a punto do alumeadado público no acceso ao polígono de San Cibrao das Viñas (marxe dereita da estrada OU-538), destinando para este fin ata un máximo de **CORENTA MIL DOUSCENTOS VINTE E CATRO EUROS CON DOCE CÉNTIMOS DE EURO** (40.224,12 €), IVE incluído, con cargo á aplicación orzamentaria 2016.08. A1.512B. 600.1, código de proxecto 1994-06057.



2.- Unha vez rematadas as obras a Axencia poñerá en coñecemento da entidade local, mediante unha comunicación formal. Esta data de comunicación é a que determina o nacemento da obriga asumida polo concello na cláusula segunda.

CUARTA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Constituirase unha comisión de seguimento formada por un representante da Axencia Galega de Infraestruturas e un representante do Concello de San Cibrao das Viñas. As súas funcións entre outras serán as seguintes:

-Impulsar e avaliar o cumprimento do presente convenio naqueles aspectos técnicos obxecto deste, propoñendo as actuacións que se consideren precisas.

-Propoñer a interpretación, en caso de dúbida, do contido do presente convenio.

-Propoñer ás partes a resolución das posibles controversias que puideran xurdir na aplicación do convenio.

Esta comisión reunirse as veces que se estimen oportunas para o cumprimento do presente convenio. En todo caso a solución das incidencias estará condicionada polas limitacións orzamentarias indicadas na cláusula primeira.

QUINTA. NATUREZA DO CONVENIO

Esté convenio ten natureza administrativa e será de aplicación o Decreto 246/92, do 30 de xullo, polo que se regulan as condicións de execución das obras públicas en réxime de cooperación coas corporacións locais e outros entes de dereito público, rexendo na súa interpretación e desenvolvemento o ordenamento xurídico administrativo, con expresa submisión das partes á xurisdición contencioso-administrativa.

O desenvolvemento dos compromisos, obrigas e demais actuacións contidas no presente convenio rexeranse polo establecido nas súas cláusulas.



SEXTA. MODIFICACIÓNS DO CONVENIO

As modificacións formalizaranse mediante *addenda* cos mesmos requisitos e condicións para a aprobación do Convenio, agás aquelas modificacións de carácter técnico aprobadas polo órgano de contratación, de acordo coa normativa de contratos administrativos, que non impliquen a superación do importe máximo reflectido na cláusula primeira do convenio.

SÉTIMA. RESOLUCIÓN

1.- As dúbidas que se presenten na súa interpretación, caso de discrepancias serán resoltas, visto o Informe da Comisión de Seguimento, polo presidente da Axencia Galega de Infraestruturas, poñendo así fin á vía administrativa.

2.- Serán causas de extinción deste convenio:


- O non cumprimento do seu obxecto.
- A inviabilidade da realización das actuacións descritas neste convenio, por causas non imputables ás partes.
- O incumprimento de carácter total ou parcial de calquera das cláusulas do presente convenio. Entenderase por incumprimento parcial aquel que implica en maior ou menor grao a non consecución dos fins propios do convenio ou impidan de xeito directo ou indirecto as actuacións previstas no presente convenio.
- Denuncia por causas de interese público, a instancia de calquera das partes.

Cada unha das situacións descritas por si soa é causa suficiente de rescisión do convenio.

3.- A Axencia Galega de Infraestruturas limitará en todo caso a súa achega económica ao pactado no presente convenio.

OITAVA. PUBLICIDADE

A sinatura do convenio leva implícito o consentimento expreso de todas as partes para a publicación dos datos e especificacións contidas no mesmo, de conformidade co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.





NOVENA. VIXENCIA DO CONVENIO



Este convenio terá efecto a partir da data da súa sinatura. A vixencia manterase ata a recepción das actuacións no prazo sinalado no documento técnico ou no que, por motivos debidamente xustificadas, poidan acordar as administracións afectadas. A ampliación dos prazos realizarase previa a correspondente solicitude a través da comisión de seguimento citada na cláusula cuarta.

En todo caso a eficacia do presente convenio estenderase ata o 31 de decembro de 2016.

O presente convenio obriga ao cumprimento do expresamente pactado someténdose todas as partes ao acordado en todas as estipulacións.


Así o outorgan no lugar e data do encabezamento, subscribindo o presente convenio por triplicado exemplar.

A presidenta
da Axencia Galega de Infraestruturas



Ethel Ma Vázquez Mourelle

O alcalde
do Concello de San Cibrao das Viñas



Manuel Pedro Fernández Moreiras